



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

09 ABR. 2024 20:40:37

Entrada **20210**

## Sobre a recuperación dos cantís de Tanxil Pedra Vixía Tronco no concello de Rianxo

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ás accións do Goberno para a recuperación dos cantís de Tanxil – Pedra Vixía – Tronco no concello de Rianxo.**

A actual situación dos cantís de Tanxil – Pedra Vixía – Tronco en Rianxo é extremadamente grave. Existe unha degradación que pon en perigo a conservación da zona e o tránsito das persoas e que se debe á erosión das chuvias combinada coa acción das mareas. De feito recentemente téñense producido desprendementos e corrementos de terras e pedras que ocuparon o paseo marítimo en distintos puntos.

Porén, a pesar do perigo existente non se levou a cabo ningunha actuación que pare o avance na degradación do entorno. De feito en Tronco xa foi necesario cortar o acceso ao tráfico e ás persoas viandantes pola vía próxima á liña de costa.

É máis, a única acción posta en marcha polo Ministerio de Transición foi proceder a talar árbores en Tanxil, unha intervención que pode dar lugar a novos desprendementos sobre o paseo marítimo e a unha aceleración da degradación da costa neste punto.

Debe recordarse que xa no 2007 se lograra incluír, a instancia do BNG, unha partida nos orzamentos do Estado para destinar 700.000 € a reforzar ese acantilado pero que nunca chegou a executarse. A intervención nesta área é cada vez máis necesaria e urxente e por este motivo o BNG segue a presentar

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

09 ABR. 2024 20:40:37

Entrada **20210**



emendas aos orzamentos para incorporar unha partida específica con esta finalidade.

O Goberno debe atender as demandas do concello e dos veciñas e veciños e adoptar á maior brevidade as accións necesarias para evitar riscos para as persoas e lograr a recuperación desta área da costa. A Demarcación de Costas debe deseñar un proxecto integral de recuperación dos cantís de Tanxil e Tronco, dotado dos recursos necesarios, ademais de facer un adecuado seguimento e inspección deste tramo mentres non se levan adiante as accións de recuperación, especialmente onde se produciu a tala de árbores que servían para soste o terreo e que prevían novos derrubamentos.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:**

1. Que accións de inspección ou protección levou adiante o Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico a través da Demarcación de Costas para previr ou solucionar os derrubamentos de terras e pedras que poñen en risco a seguridade das persoas?
2. Por que procedeu o Ministerio a cortar árbores nesta zona na que son habituais os correntamentos? Non considera que a masa arbórea e as súas raíces minoraban os riscos de derrubes sostendo o terreo?
3. En que estudos ou informes se baseou para ordenar esta actuación? Pode achegar copia destes?
4. Ten previsto acometer as accións precisas para lograr a recuperación e rehabilitación desta zona da costa?
5. Vai deseñar o Ministerio de Transición un proxecto integral de recuperación dos cantís de Tanxil – Pena Vixía - Tronco, dotado dos recursos necesarios para evitar novos correntamentos de pedras, asegurar o terreo e previr danos persoais?



6. Realizará un seguimento e inspección deste tramo mentres non se levan adiante as accións de recuperación, especialmente onde se produciu a tala de árbores que servían para soste o terreo e que prevían novos derrubamentos? Cando foi a última realizada? Cando se prevé facer a próxima?

Madrid, a 9 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**



## **A LA MESA DEL CONGRESO**

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a las acciones del Gobierno para la recuperación de los acantilados de Tanxil – Pedra Vixía – Tronco en el Concello de Rianxo.**

La actual situación de los acantilados de Tanxil – Piedra Vigila – Tronco en Rianxo es extremadamente grave. Existe una degradación que pone en peligro la conservación de la zona así como el tránsito de las personas y que se debe a la erosión de las lluvias combinada con la acción de las mareas. De hecho recientemente se han producido desprendimientos y corrimientos de tierras y piedras que ocuparon el paseo marítimo en distintos puntos.

Sin embargo, a pesar del peligro existente no se llevó a cabo ninguna actuación que pare el avance en la degradación del entorno. De hecho en Tronco ya fue necesario cortar el acceso al tráfico y a las personas viandantes por la vía próxima a la línea de costa.

Es más, la única acción puesta en marcha por el Ministerio de Transición fue la proceder a talar árboles en Tanxil, una intervención que puede dar lugar a nuevos desprendimientos sobre el paseo marítimo y a una aceleración de la degradación de la costa en este punto.

Debe recordarse que ya en el 2007 se había logrado incluir, a instancia del BNG, una partida en los presupuestos del Estado para destinar 700.000 € a reforzar ese acantilado pero que nunca llegó a ejecutarse. La intervención en esta área es cada vez más necesaria y urgente y por este motivo el BNG ha



continuado con la presentación de enmiendas a los presupuestos para incorporar una partida específica con esta finalidad.

El Gobierno debe atender las demandas del Concello y de los vecinas y vecinos y adoptar, a la mayor brevedad, las acciones necesarias para evitar riesgos para las personas y lograr la recuperación de esta área de la costa. La Demarcación de Costas debe diseñar un proyecto integral de recuperación de los acantilados de Tanxil y Tronco, dotado de los recursos necesarios, además de hacer un adecuado seguimiento e inspección de este tramo mientras no se llevan adelante las acciones de recuperación, especialmente donde se produjo la tala de árboles que servían para sostener el terreno y que prevenían nuevos derrumbamientos.

**Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:**

1. ¿Qué acciones de inspección o protección llevó adelante el Ministerio de Transición Ecológica y Reto Demográfico a través de la Demarcación de Costas para prevenir o solucionar los derrumbamientos de tierras y piedras que ponen en riesgo la seguridad de las personas?
2. ¿Por qué procedió el Ministerio a cortar árboles en esta zona en la que son habituales los corrimientos? ¿No considera que la masa arbórea y sus raíces aminoraban los riesgos de derrumbes sosteniendo el terreno?
3. ¿En qué estudios o informes se basó para ordenar esta actuación? ¿Puede aportar copia de los mismos?
4. ¿Ha previsto acometer las acciones precisas para lograr la recuperación y rehabilitación de esta zona de la costa?
5. ¿Diseñará el Ministerio de Transición un proyecto integral de recuperación de los acantilados de Tanxil – Pena Vixía - Tronco, dotado



de los recursos necesarios para evitar nuevos corrimientos de piedras, asegurar el terreno y prevenir daños personales?

6. ¿Realizará un seguimiento e inspección de este tramo mientras no se lleven adelante las acciones de recuperación, especialmente donde se produjo la tala de árboles que servían para sostener el terreno y que preveían nuevos derrumbamientos? ¿Cuándo se produjo la última realizada? ¿Cuándo se prevé hacer la próxima?

Madrid, a 9 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**